

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARRAL

##### *Designación do xurado do premio do XXI Concurso de poesía "Concello de Carral"*

Logo de ver que a Xunta de Goberno Local do Concello de Carral, na súa sesión ordinaria realizada o vinte e tres de febreiro de dous mil dezaoto, en uso da atribución delegada mediante decreto 294/2015, do 6 de xullo, acordou aprobar as bases polas que se rexerá a concesión do premio do XXI Concurso de Poesía "Concello de Carral".

Logo de ver que a base 8ª daquelas establece que " O xurado estará presidido polo Alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira na que delegue, e formarán parte del dúas persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior deste concurso; actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral. O xurado será nomeado polo Alcalde e darase a coñecer antes de realizar as deliberacións".

Tendo en conta que o premio do XX Concurso de poesía "Concello de Carral", realizado no ano 2017, recaeu sobre D. Xosé Luis Mosquera Camba, pola súa obra titulada "DAS ÁRBORES TROPICAIS E DO AMOR" e que, segundo o estipulado nas devanditas bases que rexen o concurso de poesía, o autor gañador da edición anterior formará parte do xurado da edición actual

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local , por medio de decreto do 26 de abril de 2018,

#### RESOLVÍN

1.- Designar ás seguintes persoas que haberán de integrar o xurado do premio do XXI Concurso de Poesía "Concello de Carral":

**Presidenta:** Dª Margarita Ramilo Varela concelleira de Cultura , por delegación puntual desta Alcaldía.

**Vogais:** D. Xosé Luis Mosquera Camba (Poeta gañador do XX Concurso de poesía "Concello de Carral")

Dª Mercedes Queixas Zas (Poeta)

Dª Verónica Martínez Delgado (Escritora)

**Secretario:** D. Carlos Lorenzo Pérez (técnico municipal de Cultura).

2.- Publicar este decreto polos mesmos medios que as bases e a convocatoria do concurso.

3.- Dar conta deste decreto ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se realice.

Contra a devandita resolución, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Alcaldía do Concello de Carral no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano da devandita xurisdición e no prazo indicado na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Carral, 26 de abril de 2018

O ALCALDE

José Luís Fernández Mouriño

2018/3013